

EDICTO

Información pública. Aprobación inicial da Ordenanza de protección da atmosfera fronte á contaminación por formas da materia

O Pleno do Concello de Ferrol en sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2019 acordou aprobar inicialmente a “Ordenanza de protección da atmosfera fronte á contaminación por formas da materia”.

Dito acordo sométese a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, para a presentación de reclamacións e suxestións, tendo en conta que de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

O prazo de trinta días hábiles comezará a computarse a partir do día seguinte ó da publicación do extracto de aprobación inicial no BOP, a cuxo efecto poderá ser examinado o expediente por tódalas persoas que poidan resultar interesadas no Servizo de Urbanismo do Concello (Rúa María nº 52-54, 5º andar, en horas de atención ao público), e o texto da Ordenanza será exposto no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello (<https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnunciosAmpliar/375>).

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 1 de marzo de 2019

A concelleira delegada de Urbanismo e Mobilidade,
María Fernández Lemos
(asinado dixitalmente)